

# Estarei sempre en vós

**Xosé María Álvarez Cáccamo**

A camioneta que atravesaba a ponte da Barca e leva a Bóveda polo derradeiro camiño do abrete permanece detida sobre o río. Alexandre continúa a ollar a casa onde durmen os cativos e Amalia agarda, íntegra e desconsolada. O tempo proseguiu en vertixe de succión cara ao piñeiral da Caeira: é certo que unha galerna de chumbo traspasou o corpo de Bóveda no amanecer do 17 de Agosto de 1936. É verdade que Xosé Sesto foi quen de correr entolecido á procura dunha bandeira clandestina e que a súa última aperta puxo unha miniatura azul e branca, palabra de Galiza, a acougar sobre o peito de Alexandre. Pero a camioneta da alba, a que traslada os que van ser asasinados, segue detida no alto das pontes, a carón das cunetas, na beira dos cantís.

Quen evoca non sabe proseguir a marcha en rumbo fiado. Son lóstregos, fotos fixas, bátegas de xeo. Palabras decapitadas: “A miña patria natural é Galiza. Ámoa afervoadamente, xamais a traicionaría, aínda que me concedesen séculos de vida. Adóroa ata máis alá da miña morte. Se entende o tribunal que por este amor entrañábel debe serme aplicada a pena de morte, recibireina como un sacrificio máis por ela.” Fica o eco, quieto e sólido, nalgún lugar do espacio, no salón de actos do pazo da Deputación. Está alí, pousado, definitivo. Viven, fragmentarios tamén, os estralos finais do amor, escritos: “estarei sempre en vós, como che prometín.” É ás cinco menos tres minutos da mañá do 17 de agosto, a Pedro Basanta: “o prego de que non se esquezna dos meus”. Non. Non hai esquecemento. O tempo segue alí, en Poio Pequeno, na casa da rúa da Oliva, sobre a ponte da Barca, na Caeira.

Non hai esquecemento. Non esquencemos este nome: Ramón Rivero de Aguilar, fiscal fascista, centos de penas de morte nas súas mans, entre elas a de Bóveda. Outros nomes: Víctor Lis Quibén, entre os máis sanguinarios, unha sombra fúnebre polas rúas de Pontevedra durante as décadas miserábeis do franquismo, desprezado en silencio. Emilio Álvarez Negreira, curmán de Amalia, deixou gravado a lume este “Cartel de feira”: “Conozco a un asesino / que por mis calles vaga. / El peso de la culpa / le encorva las espaldas. / Tiene menos amigos / que una rata preñada. / Lo echan de todas partes / sin que medien palabras.” En cada vila sobrancea unha esfínx asesina e arredor unha estadea de siluetas macabras. En Tui, por exemplo, Pablo Bugarín. En Tui mataron o tío político de Alexandro Bóveda, Darío Álvarez Limeses, irmán do pai de Amalia. En Lugo o seu conxunado, Ramón García Núñez, gobernador civil da República. En Pontevedra morreu de pena, encamado desde o 17 de Agosto, Xosé Álvarez Limeses, outro tío de Amalia. O irmán dela, Xerardo, acosado en listas negras, obxectivo da morte azul, conseguiu exiliarse en Cuba e o seu curmán, Xosé María Álvarez Blázquez, mestre, desterrado a unha aldea de Zamora, Coreses, no horizonte frío dun recordo reiterado en sobremesa, tan intenso que os fillos o fixemos noso. Todos familia de meu. En Tui, unha voz bestial pronunciou este sentenza: “Perseguiremos os Álvarez ata a terceira xeración”, a miña. E a dor que se transmite e a consciencia en herdo insobornábel, odio xusto e permanente e a memoria partida en primeiros planos, en planos de detalle. Unha camioneta no alto da ponte da Barca.

“Estarei sempre en vós”, escribiu Alexandre a Amalia na madrugada do 17 de Agosto. O destinatario daquela nota manuscrita, froito incandescente da man de Bóveda, firme,

raíz da valentía inimitábel, foi medrando en universo e hoxe somos todos nós, os desta banda da ética, os que nunca levaremos as costas eslombadas polo peso da culpa, os herdeiros do seu pensamento, os admiradores da norma humana e do rumbo enteiro de Alexandre Bóveda.

**Xosé María Álvarez Cáccamo, (Vigo, 1950). Estudou Filoloxía Románica. Escritor. Como poeta gañou varios premios entre os que destaca o "Esquio" e o "García Garcés".**

**Artigo Tirado da revista "Terra e tempo". Xaneiro-Agosto 2003**